



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MIÑO PARA A REPARACION, CONSERVACION E MANTEMENTO DA AREA INFANTIL SITUADA NO PORTO DE MIÑO

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Miño o convenio arriba referenciado, por un período vixencia que abrangue os quince anos respecto das obrigas uso, conservación e mantemento reguladas no dito convenio, agás unha prorroga expresa por un máximo cinco anos. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

O Concello de Miño para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para o ocio e disfrute do tempo libre dos seus cidadáns está interesado na mellora, conservación e mantemento da área infantil existentes no dominio público portuario do porto de Miño.

Así mesmo, o ente público Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado no mantemento de ditos xardíns.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Miño para a adopción conxunta das referidas medidas.

A entidade pública Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Asemade asumirá as actuacións no dominio público marítimo-terrestre que lle encomende a Xunta de Galicia.

En data 18 de febreiro de 2011 asinase entre Portos de Galicia e o Concello de Miño o convenio de colaboración para a mellora e adecuación, conservación e mantemento das instalacións do parque infantil existente no porto de Miño.

O Concello de Miño solicita a Portos de Galicia autorización para a execución en terreos de dominio público portuario de Miño da obra de “ Reparación de Área infantil situada no porto de Miño” en base ao proxecto co mesmo título asinado polo arquitecto técnico D. Javier López da Vila en xaneiro de 2019.





En data 21 de xaneiro de 2019 reúnese a Comisión de seguimento do convenio para avaliar a proposta e acorda informar favorablemente á mesma, pois a actuación contribúe a mellorar as condicións de conservación e seguridade do parque infantil existente e non implica a ocupación de mais superficie de dominio publico.

En data 21 de xaneiro de 2019 a Xefa de Zona Centro de Portos de Galicia informa favorablemente a solicitude de autorización para a execución da actuación de reparación da Area infantil situada no porto de Miño.

O obxecto do proxecto realizado polo arquitecto técnico D. Javier López da Vila en xaneiro de 2019 é realizar a reparación dos pavimentos, dos vallados e dos xogos e instalación dun novo xogo. Trátase dunha nova pavimentación do chan de caucho de seguridade co espesor suficiente para cumprir coa normativa de seguridade en parques infantís, así como a recuperación e acondicionamento de elementos existentes como algúns xogos e vallados cumprindo coa normativa UNE – EN 1176:2018. Ademais instálase un novo xogo infantil estilo Castillo dos Gnomos construído con taboleiro de pino escandinavo tratado en autoclave, madeira laminada de pino escandinavo tratada en autoclave cumprindo a normativa UNE – EN 1176:2018. Tamén se instalara o cartel que conteña como mínimo as prohibicións e recomendacións dos xogos así como os teléfonos de emerxencias e localización dos centros sanitarios.

O prazo estimado de execución das obras do proxecto de “Reparación da area infantil situada no porto de Miño” é de tres meses.

Todo isto ó abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.

Por todo isto, a entidade pública Portos de Galicia acordou levar a cabo un convenio de colaboración co Concello de Miño para a execución, conservación e mantemento da area infantil situada no porto de Miño que substitúe ao anterior, e formalizan o presente convenio.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia-Consellería do Mar, a través da entidade publica Portos de Galicia, e o Concello de Miño, para a execución, conservación e mantemento da area infantil situada no porto de Miño e axeitadas ao proxecto de execución das obras subscrito en xaneiro de 2019 polo arquitecto técnico D. Javier López da Vila.

O orzamento para a execución das obras anteriormente citadas ascenderá a 34.724,63 euros de presuposto total por contrata de 50.000 euros (IVE Incluído) con cargo aos orzamentos do Concello de Miño para o ano 2019.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Miño.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei





9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Publico, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, a 20 de febreiro de 2019.

O Director Xeral da Entidade Publica Portos de Galicia

-José Ignacio Villar García-

